

RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades. Panel: SH6 O estudo do pasado da humanidade (Praza núm. 1).

Por Resolución do 9 de abril de 2026 (DOG núm. 78, do 28 de abril de 2026) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, dentro do dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades. Panel: SH6 O estudo do pasado da humanidade (praza núm. 1).

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades. Panel: SH6 O estudo do pasado da humanidade, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Lourenzo Fernández Prieto, Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

Santiago Lago Peñas, Catedrático de Facenda Pública da Universidade de Santiago de Compostela.

Ana Isabel García Arias, profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela.

María do Mar Pérez Fra, profesora contratada doutor da Universidade de Santiago de Compostela.

David Soto Fernández, profesor contratado doutor da Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

